

Contra o abismo

Con secretas belezas



ROMÁN RAÑA

Prosegue Xavier Seoane o seu discurso poético, que vai parello ao seu discurso vital. Agora sae ao lume *Para unha luz ausente*, que obtivo o XIV Premio Espiral Maior de poesía. Co pasar dos anos, a inicial inclinación á ruptura vanguardista, practicada nos fogosos anos xuvenís, foi deixando paso a unha refinada serenidade, a un estilo dono de secretas belezas, a un dicir de sosegado diálogo coa soidade e coa comunión (coa amada, co mundo, coas palabras). Pide piedade o poeta ás forzas misteriosas que gobernan o cosmos, unha tranquilidade mísera para as grandes condenas, para as profundas aflicións humanas: “Tan só pido que os deuses/non nos maltraten./Que non caian/tan feridas, tan tristes/as estrelas no mar.”

O creador pide compaixón á creación, aos planetas que xiran descoñecedores da absurda destrución de todo o vivido e de todo o sentido durante unha completa vida. As cousas imperfectas están rodeadas e enchidas de fragilidade, como a propia existencia do artista. Por iso non pode ser insensíbel á fascinación de todo o que decae, de todo o que termina.

Conmove fundamente ouvir da súa boca unha canción de amor que vai alén da morte e da extinción de todo o existente: “Celebrarei, un día, ter vivido contigo./Porque haberei de rir da miña morte/cando, núa e de fronte, me sorría/para roubar en min o que hai de ti.”

Ese mesmo poema atesoura outra riqueza explorada polo noso artista: a relatividade do tempo. O instante que se fai infinito, a eternidade que cabe nun segundo. Mediante a palabra, o poeta soña con retrasar o momento final e dilatar a dita de vivir, mais tamén a comprobación de que se trata de operacións inúteis: “Non podemos seguir sendo felices/os mil anos que tarda un pétalo en caer,/os séculos de soño e de silencio/en que o casulo demora en abrir á luz do día.”

No peito xeneroso do escritor cabe a indignación polo rumbo do mundo, polo ruído do mundo que pretende afogar a voz mínima do corazón que avanza en cada esquina e que sacode os alicerces de todos os poemas. Todo isto podería chamarse, simplemente, un acto de amor contra o abismo dos séculos.



SEOANE, Xavier, *Para unha luz ausente*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 47 páxinas.